

# **Información**

## **06/11/2020**

# **COVID-19**

### **INFORMACIÓN PARA ACTIVIDADES DE HOSTELERÍA**

Como xa informamos, hoxe ás 24 horas entran en vigor os peches de hostelería nos concellos da provincia na área de Ourense, Carballiño e Verín e continúan as restricións no resto dos Concellos.

### **PRESTACIÓNS DE AUTÓNOMOS**

Algúns establecementos xa se acolleran á prestación de autónomos pola redución dos ingresos con respecto ós do ano 2019. Agora nos Concellos afectados polo peche poderán acollerse á prestación por peche de actividade recibíndoas en principio por novembro, decembro e xaneiro.

### **SOLICITUDE DE ERTES**

As empresas con asalariados poden solicitar ERTES por impedimentos (si teñen que pechar) ou por limitación (todas as demais), os traballadores pasarán a cobrar o 70% da súa Base e as exoneracións das cuotas da Seguridade Social entre o 100% e o 80%, aínda que terá que manterse o emprego durante 6 meses despois de recuperalos do ERTE.

### **AXUDAS DA XUNTA**

A xunta anunciou axudas para o sector de hostelería entre 1.200 e 7.000 euros en función dos de ser autónomo e do nº de trabaladores que teñan, do tempo que se tiveran pechados, van ser compatibles cas prestación dos autónomos, pero non estarán

listas ata fin de novembro, desconocendo cando se van pagar.  
Non hai máis información de momento.

**Asesoría Bieito.**